

BASES PARA INTERCAMBIO XUVENIL

O Concello de Campo Lameiro, Moraña e Portas programa un intercambio xuvenil denominado **“Irmandade entre culturas”**, dirixido a mozos e mozas do municipio que mostren interese por coñecer outras culturas, outros idiomas e outras realidades socioculturais e económicas, así como por coñecer outros países e diferentes formas de vida.

Obxectivos:

- Facilitar o coñecemento doutras realidades socioculturais e lingüísticas para a comprensión da diversidade cultural.
- Inculcar valores como a cidadanía activa, a solidariedade e a tolerancia.
- Favorecer e potenciar a adquisición de habilidades, competencias e destrezas propias da educación non formal que faciliten o desenvolvemento persoal da mocidade.
- Promover a inclusión da mocidade independentemente do contexto educativo ou social de procedencia.

Datas de realización do intercambio:

Do 20 ao 29 de marzo de 2026.

Prazas:

10 persoas por cada un dos concellos participantes, acompañadas por varios/as coordinadores/as.

Lugar de realización do intercambio:

Na cidade de **Puerto Iguazú (Misiones, Arxentina)**, con extensións a **Brasil e Paraguai**.

Destinatarios:

Mozos e mozas empadroados en Campo Lameiro, Moraña e Portas con idades comprendidas entre os **18 e 30 anos** no momento de celebrarse o intercambio.

Prazo de inscrición:

Do 19 ás 00:00 h. ó 23 ás 14:00 h. de febreiro.

Inscrición:

Mediante o envío dun **formulario electrónico**, (páxina web dos concellos - sede electrónica – instancia **xeral**) dentro do prazo establecido (mediante **Chave365 ou certificado dixital**).

Os erros nos datos facilitados na solicitude de participación ou a omisión dalgún deles poderán ocasionar a desestimación da solicitude.

Admisión:

a) Por rigorosa orde de inscrición ata cubrir a totalidade das prazas convocadas. As persoas seleccionadas recibirán un correo electrónico de confirmación. De non recibir confirmación nos tres días posteriores ao último día do prazo de inscrición, entenderase que non se obtivo praza.

Elaborarase unha lista de espera por se houberse renuncias ás prazas concedidas.

Confirmada a praza, no prazo de **5 días naturais** as persoas seleccionadas deberán remitir ao correo electrónico a seguinte documentación:

- Copia do Documento Nacional de Identidade e copia do pasaporte en vigor ata seis meses despois da finalización do intercambio. No caso de non dispoñer de pasaporte ou de telo caducado, deberá remitirse no prazo de **7 días** desde a concesión da praza.
- Copia do billete de avión adquirido.
- Copia do seguro de viaxe, accidentes e enfermidade.
- Unha copia firmada do cumprimento da normativa establecida polo Concello.

A non remisión desta documentación no prazo establecido suporá a perda da praza no intercambio.

No caso de producirse baixas unha vez adxudicadas as prazas, estas ofertaranse ás persoas da lista de espera, que deberán presentar os billetes e a documentación correspondente no prazo de **3 días naturais** desde a comunicación.

Se o billete de transporte adquirido fose posteriormente anulado, procederase á anulación da praza, considerándose como non adxudicada.

Unha vez recibidas correctamente as copias dos documentos requiridos, facilitarase ás persoas seleccionadas información complementaria sobre o intercambio, así como o lugar e a hora de encontro e o nome do aloxamento.

O intercambio realizarase sempre que exista un mínimo, **a metade máis unha**, das prazas convocadas.

Realizarase unha reunión informativa en cada concello para facilitar información relativa ó programa.

Cobertura do intercambio:

- Aloxamento en réxime de pensión completa nun hotel de 4 estrelas, en cuartos de uso múltiple.
- Transporte local no ámbito do intercambio.
- Coñecemento do Parque Nacional de Iguazú, e as Cataratas de Iguazú por a Argentina e por Brasil. Visita e recorrido pola Presa Binacional de Itaipu en Paraguay. Visita aldea indíxena.
- Actividades e visitas na Arxentina, Brasil e Paraguai:
 - Coñecemento da entidade de acollida.
 - Asistencia á sinatura do Pacto de Amizade entre os representantes do Concello de Moraña e os representantes e o/a Intendente da Municipalidade de Puerto Iguazú.

Será por conta da persoa participante:

- A compra do billete de avión e a contratación dun seguro de viaxe, accidentes e enfermidade que cubra, como mínimo, a duración do intercambio.